

## **VOTO PARTICULAR. Á TOTALIDADE DO DOCUMENTO POLÍTICO**

Emenda presentada por: Xosé M. Beiras Torrado, Mario López Rico, Cristina Amor Faya, Flor Maceira Balboa, Francisco Trigo Durán, Concha Trigo Portela, Ramón Mouriño Alfonso, Martiño Noriega Sánchez, Luis Eyré Diéguez, Xosé Constenla Vega, Mónica Díaz Carrodéguas, Ildefonso Piñeiro Díaz e Xosé Manuel Taboada Suárez.

### **1.- A CONXUNTURA POLÍTICA.**

#### **1.1.- Avaliación dos resultados electorais das Autonómicas de 2009 e conclusións.**

Para avaliar os factores determinantes dos resultados electorais do 2009 compre non esquecer, de principio, dúas cuestións fundamentais. A primeira, que ditos resultados reflecten neste horizonte temporal un devalar iniciado no 2001 e sobre cuxas causas xeratrices non se fixera, ata agora, suficiente autocrítica nin tampouco se asumiran responsabilidades de ningún tipo. A segunda, que os resultados electorais das autonómicas 2009 prodúcense despois da chegada do nacionalismo á Xunta por primeira vez na historia, polo cal a avaliación dos mesmos debe incluír tamén a da propia acción de goberno desenvolta polo BNG.

Respecto da primeira, o BNG deixou, hai tempo, de ser referente para os sectores máis dinámicos e transformadores da sociedade galega. O abandono ou afastamento da liña ideolóxica e da práctica política nacionalista e de esquerdas por outra ecléctica, mistificada e centrista, levou aparelado que xunto ao ilusorio obxectivo de achegármonos a clases, sectores e segmentos sociais tradicionalmente refractarios ao noso proxecto (a burguesía e ata a gran burguesía, etc) se rachou o cordón nutricional recíproco con aqueles outros (o proletariado, a mocidade, etc) que sempre foron a nosa base social e electoral e sobre os que debe asentarse calquera proxecto emancipador e transformador. Pretendendo construírmonos desde o BNG unha burguesía nacional abandonouse un proxecto transformador e ilusionante arredor do cal se asentou o crecemento continuo do BNG ata o 2001. E todo elo sen ter elaborado ou construído o máis mínimo soporte analítico da formación social galega, das súas clases e conflitos de clase, das mutacións operadas na base socio-económica, no que amparar ou pretender xustificar tal cambio da praxe do BNG. Cambio de discurso político que nunca foi entendido por amplos sectores, non só da militancia, senón, o que é máis grave, da sociedade, sobranceiramente daqueles que pularon co BNG cara diante.

O abandono das categorías conceptuais da esquerda ilustrada e dos seus métodos de esculca e interpretación dos fenómenos sociais enxendra un proceso de acumulación de erros en diagnoses e prognósticos que, introducidos na acción política, conduce á esquerda á patética situación na que se atopa, tanto nas institucións do aparello do poder, canto na súa relación coa cidadanía: unha sucesión de fracasos na representación e defensa das clases dominadas e os pobos oprimidos. E a substitución do repertorio terminolóxico e semántico da ilustración revolucionaria e transformadora por neoloxismos neutros e centristas -cando non, pola nomenclatura do inimigo- produce confusión nos destinatarios das mensaxes e, ao cabo, incomunicación coas clases e sectores sociais aos que se dirixe o discurso do BNG.

Respecto da segunda, o BNG mesturou, na súa acción de goberno, medidas e proxectos acaídos pero que en moitas ocasións foron acompañados de mensaxes contradictorias e carentes de contido ideolóxico-político e que, nalgúns casos, propiciaron unha reacción orquestrada dos sectores e medios máis anti-galeguistas da sociedade e que mesmo conseguiron aglutinar a amplas masas de cidadanía, co conseguinte reflexo electoral.

A absurda pelexa por diferenciármonos do PSOE e de conquistar un espacio propio no goberno non foi acompañada da necesaria diferenciación na práctica de goberno e da súa transmisión á sociedade, e mesmo nalgunha área importando comportamentos e prácticas dos tempos fraguianos, moi dificilmente entendibles pola nosa base social. Se a todo elo se lle engaden erros clamorosos na precampaña e durante a campaña mesma e unha estratexia e calculada instrumentación mediática anti-BNG que, sen deixar de ser similar en tácticas e obxectivos ás despregadas noutras situacións, contribuíu significativamente ao descenso electoral cunha maior incidencia, motivada tanto pola debilidade e raquitismo ideolóxico da nosa mensaxe política previa como polo erro grave do BNG de minusvalorar o impacto social da mesma e de conflitos que, como o idiomático, lonxe de tratalos axeitadamente mesmo en determinadas intervencións, propias ou de entidades próximas, contribuímos a avivar. E, por riba, unha situación de crise estrutural e profunda, cun impacto tremendo en amplos sectores da cidadanía e aos que o BNG non soubo fornecer un proxecto alternativo e atraínte e nunha situación na que, a diferenza do acontecido nos oitenta e boa parte dos noventa, inverteuse o proceso de desalineación para seguir o curso dunha involución. As consecuencias están á vista, e non só no escenario electoral, nin moito menos.

### **1.2.- A españolización do marco político: recentralización e ideoloxía antinacionalista.**

Á situación propia do BNG hai que engadir a crise da esquerda a nivel estatal, europeo e mundial no contexto dunha crise sistémica do capitalismo. Compre pois, para o futuro dunha esquerda parlamentar capaz, comprender a peculiar dinámica da polarización política no noso país e no Estado sen deixar de ollar para o que acontece no mundo.

No nivel estatal o fiasco da esquerda española pretendidamente transformadora e os seus fracasos recentes teñen a ver coa incapacidade para entender o peculiar modo en que se manifesta a polarización política no Reino de España.

As dimensións e a profundidade da crise do capitalismo no Estado Español, que poñen un abrupto final a décadas de prosperidade ilusoria, deberían augurar unhas perspectivas razoábeis á esquerda anticapitalista española. Pero o futuro dunha esquerda parlamentaria capaz de representar dignamente aos potenciais votantes, e capaz de medrar apoiada pola evidente polarización da vida social e económica do Estado Español —case un 60% de asalariados "milleuristas"; a maior taxa de desemprego de la UE; a maior taxa de crecemento de millonarios na última década— pasa, entre outras cousas, por comprender a peculiar dinámica da polarización política no estado.

O reforzamento do aparello do Estado, a recentralización da súa intervención política e económica e o combate contra dos nacionalismos, especialmente dos periféricos como o galego, atopa nunha situación de crise estrutural como a actual o substrato real axeitado sobre o que asentar dito discurso.

### **1.3.- O nacionalismo e cambio do modelo socioeconómico, político, cultural e lingüístico no Estado. Por unha alternativa democrática, popular e galega á crise económica do modelo capitalista neoliberal.**

A crise que vivimos desde 2007 representa o fracaso do modelo neoliberal, en todas as súas dimensións. A depresión na que entramos marca o final dun proxecto impulsado polo capital financeiro, en particular o complexo "dolar/Wall Street", que conduciu á financiarización da economía, estrangulando a economía produtiva non especulativa e provocando un deterioro continuado do nivel de ingreso da maioría da poboación en todo o mundo. O feble dinamismo da demanda derivado do escaso aumento da

capacidade de compra dos ingresos dos sectores populares trataron de compensalo cunha exacerbada e irresponsábel política de endebedamento masivo que acabou creando unha enorme burbulla de diñeiro ficticio e especulativo. As desigualdades galopantes eran a acta de denuncia máis evidente xa antes de que o modelo saltara polos aires froito das súas propias contradicións.

Este modelo chamado de libre mercado era, e segue sendo, unha versión extremista do sistema capitalista asentado nos dogmas do mercado desregulado, na liberalización comercial e financeira, na privatización dos servizos públicos, no desmantelamento do chamado Estado do Benestar e dos mecanismos de distribución da renda e, na base de todo, a moderación salarial e a precarización do emprego.

Trátase dun modelo social que eleva o individualismo egoísta á categoría central da organización da sociedade e propaga un economicismo extremo que pon o mercado e o beneficio por riba da sociedade, por riba da cohesión social, da calidade de vida e da saúde das persoas; un produtivismo que se impón máis alá dos límites ecolóxicos dunha natureza tensionada ao extremo. En definitiva, o neoliberalismo está nas antípodas dos principios ideolóxicos do BNG e acaba por constituír unha auténtica ameaza para moitas das conquistas históricas da civilización.

A crise é hoxe unha crise global e, polo tanto, crise do modelo de globalización neoliberal pero a súa incidencia é particularmente grave e intensa nos países que apostaron con máis radicalidade por ese modelo neoliberal: Estados Unidos, Reino Unido, Irlanda, España, Italia e os países da Europa do Leste que son pasto do neoliberalismo anticomunista máis atroz e irresponsábel. No caso de Galiza, tanto a destrución de emprego como o aumento do paro presentan ritmos máis moderados, polo de agora. No noso caso, a crise concentrouse ate agora no sector da construción, materiais de construción, madeira, automóbil e confección, ademais do ininterrompido esmorecemento dos sectores primarios; nos servizos caeu o volume de negocio pero aínda non se traduciu de xeito importante en termos de emprego. A especificidade da nosa estrutura produtiva explica en parte ese comportamento pero tamén compre reconecer o impacto positivo dos programas de grandes obras públicas que están en marcha e dalgunhas políticas do goberno autónomo en relación aos servizos sociais.

Porén, para o futuro inmediato todo apunta a un empeoramento que se verá aínda agravado polas políticas que ven anunciando o PP, co seu discurso de privatizacións a esgalla e medidas de apoio ao capital en detrimento das condicións de vida e de traballo da maioría da cidadanía. O BNG debe estar preparado para esa circunstancia, debullando analiticamente a situación e elaborando propostas de actuación e intervención, tanto no plano parlamentar como na súa acción e prácticas diarias, liderando, aglutinando e hexemonizando no plano político a resposta ás políticas do PP, para o cal tamén resulta imprescindible a recuperación e normalización das relacións fraternas con aquelas organizacións e entidades que comparten o mesmo espazo de discurso e proxecto transformador e alternativo. E elo sen esquecer que nesta altura non só a clase traballadora padece as consecuencias nefastas do modelo neoliberal e da súa crise senón que unha parte notable do empresariado productivo, os autónomos dos servizos e da agricultura, perciben o impacto da crise e dos seus efectos. A confrontación traballo-capital empeza a ser cada vez máis aberta. Iso en termos sociopolíticos expresa unha confrontación de clase ou entre fraccións de clase. Iso non quere dicir que eses sectores do empresariado abandonen de inmediato a súa aposta polas opcións políticas coas que tradicionalmente se senten ideoloxicamente identificadas pero si é certo que esa contradicción real dá ou vai dar xogo para un discurso e unha política antineoliberal; crea un novo ambiente social receptivo a un

discurso alternativo e pode ser utilizado para avanzar na difusión social dun discurso claramente nacionalista e de esquerdas como o que o BNG debe asumir.

Polo tanto, no BNG debemos abrir unha profunda reflexión sobre o novo mundo e a nova realidade que configura esta crise e avanzar na formulación dunha liña política que aproveite a oportunidade que abre esta nova situación. Desenvolver esa liña política en programas e propostas de actuación que lonxe de repetir vellas receitas debe pór a proba a capacidade creativa da nosa organización, tanto no plano da elaboración do corpus teórico como na propia acción práctica.

Neste novo contexto o BNG ten que elaborar un discurso e unha política concreta para Galiza pero ten que enmarcalo ao mesmo tempo nun diagnóstico e nun posicionamento claro e concreto sobre a orientación das políticas globais e das medidas anticrise que se van adoptando a nivel internacional, europeo e español. Ese discurso do BNG debe asentarse sobre algunhas propostas marco que artellan un discurso nacionalista e de esquerdas, entre as cales deben estar o combate á entrega de cantidades billonarias de recursos públicos presentes e futuros para rescatar un modelo que necesariamente debe ser substituído por outro, des-globalizar as finanzas e aposta pola regulación en función das necesidades da economía productiva de cada país, regulación estratéxica do comercio externo, asunción do control público de institucións clave de crédito (Instituto de Crédito e Investimento, Caixas de Aforro e Banca Pública) para poder garantir e orientar un fluxo de crédito regular á economía productiva, reorientación das políticas europeas liberalizadoras e promercado que seguen inspirando a acción de Bruxelas, recuperación do carácter progresivo do sistema fiscal, preservación e consolidación do sistema público de pensións e de protección e benestar social, repensar o consumo, o aforro e o tempo de traballo, así como re-elaborar o concepto de soberanía, con especial coidado pola alimentar, a enerxética e a financeira... e, por suposto, a soberanía política.

#### **1.4.- Optimizar a potencialidade social do nacionalismo na Galiza.**

Para proxectarmos a acción do nacionalismo e optimizar a súa potencialidade é preciso proxectarmos a acción nas chaves mestras, nas catro dimensións cardinais: Primeira, a da realidade presente. Porque o croquis da actual fisionomía sociopolítica galega ten que reflectir mudanzas relevantes nas estruturas sociais: dende un campesiñado outrora maioritario, e hoxe en trance de exterminio etnocida, até unha clase obreira masivamente transvasada aos servizos por unha inorde terciarización da base económica, e máis unha apenas encuberta proletarización do pequeno empresariado nen-tan-sequer-autónomo. Segunda, a do proxecto político. Porque a fase actual do proceso de autodeterminación encárase á ineludíbel necesidade dunha reforma constitucional no Estado, se queremos que a invocación do seu carácter plurinacional non fiquese reducida á condición de xaculatoria estéril e, por riba, enganadora da consciencia identitaria do común galego. Terceira, a do modelo. Porque o deseño frentista do BNG acaba de sobrevivir mercede a unha metamorfose da súa pluralidade no proceso congresual inda non concluído -esclerosadas as súas pezas partidarias convencionais, e ate substituídas as máis obsoletas pola emerxencia de formas grupais "críticas" de nova índole. E tamén porque a erosión dos dereitos decisorios da base militante foi freada, e apostamos que vai resultar reversíbel. E cuarta, en fin, a do contexto. Porque -"que queiran, que non"- a corrente de fondo dos pobos e os cidadáns en loita contra a tiranía ultraliberal dos poderes globalizadores vai proseguir o seu curso.

## **2.- PERFIL E OBXECTIVOS DO BNG.**

### **2.1. Actores e destinatarios da alternativa nacionalista en Galiza**

Primeiro, a realidade actual da nación e o nacionalismo galegos.

Ao dicir nación galega estamos a pensar na fisionomía e estrutura da súa sociedade nos seus diferentes niveis ou estratos -base económica, estrutura de clases, formas culturais e superestruturas ideolóxico-políticas. E ao dicir nacionalismo referímonos, non a un ideario nin unha orgaización, senón ao segmento do común cidadán consciente da identidade do pobo galego e posicionado, en diversa medida e maneira, a prol da afirmación identitaria na acción política.

As transformacións de natureza estrutural operadas na base socio-económica de Galiza, co seu reflexo na súa estrutura de clases e relacións socio-políticas, obrigan necesariamente á actualización do descurso traceado no 1982. Segue vixente a definición de Galiza como nación sen estado, e portanto oprimida no seu dereito á soberanía política, así como a súa condición periférica, e que non atinxe só ás súas estruturas económicas e sociais, senón asemade ás superestruturas culturais, ideolóxicas e institucionais, así como á súa incardinación no sistema mundializado. Condición periférica que entre outras características definidoras da nosa formación social, impide a importación acrítica de modelos ou discursos alleos, mesmo daqueles que comparten a ideoloxía nacionalista e proxectos ou plataformas comúns.

#### Segundo, o proxecto político da nosa autodeterminación como pobo.

A mediados dos oitenta, o BNG acordou transixir coa esixencia formularía de acatamento da constitución para non ser excluído do "parlamento de cartón" e poder empregar a política institucional como alavanca para o avance social. E acertou: os resultados ulteriores corroborárono. Logo, a mediados dos noventa, asumiu ser alternativa de goberno na "autoanemia": chegar a gobernar no marco constitucional do Estado das autonomías -nomeadamente se acadaba a presidencia da Xunta- sería unha rampla de lanzamento para un "salto cualitativo" no seu proxecto soberanista -ademais de permitirlle ofrecer aos cidadáns galegos do común unha acción de goberno que a dereita españolista non quería nin sabía desenvolver. E volveu acertar. En ámbolos dous pasos adiante, que modificaban taticamente posicións de partida sobre o valor da acción política no marco do réxime establecido na transición española, o combate institucional reformulábase ao servizo do proxecto estratéxico do nacionalismo, da autodeterminación, da emancipación social e nacional do pobo galego. Co acceso ao goberno da Xunta, invértense as tornas: confinouse o proxecto estratéxico no chanzo autonómico e supedítase ás razóns de semellante estado de gravidez nese anémico poder.

#### Terceiro, o deseño BNG.

Urdime horizontal: democracia participativa con exercicio directo da soberanía popular, ou sexa, base asemblearia na que tódolos militantes teñan voz e voto directo -non delegábel- nas decisións fundamentais para o avance do proxecto estratéxico. Vértebras do carrello: integración artellada dos subconxuntos ideolóxicos que perfilen cadansúa lectura do proxecto común da fronte, sen dereitos de cooptación na súa estrutura orgánica. Forzas motrices, ou sexa, valores ético-políticos: autodeterminación, fraternidade, igualitarismo, esquerda, república, é dicir, liberdade entendida como non-dominación. Non existe -perdón, non coñezemos- outra fórmula para un nacionalismo emancipador con vocación de abranguer democráticamente unha maioría social nun país coma o noso nesta altura da nosa historia, de nós e do xénero humano.

Aí é onde teñen que forxarse as novas fórmulas políticas, é dicir, os novos deseños das pontes de enlace dos cidadáns do común coa instancia política, do vencello biunívoco da democracia participativa coa representativa, de fluxos de ida e volta antre a sociedade civil e as institucións xurídico-políticas. En suma: da necesaria metamorfose

orgánica do poder político, como resposta á crise dos obsoletos aparellos de Estado, dos esclerosados "aparatos" partidarios, dos modelos convencionais de partidos e forzas políticas ancorados no pasado, momificados, convertidos en brancuxados esqueletes oligárquicos e divorciados dos cidadáns que, iso sí, danlles ritualmente os seus votos sen poderen vixiar activamente o cumprimento dese contrato de fideicomiso. O BNG foi precursor dos novos deseños que emerxen no tránsito de entreséculos coa reactivación das cidadanías en combate contra o belicoso ultraliberalismo da actual etapa histórica da humanidade. Por ese camiño temos que seguir.

## **2.2.- A colaboración entre as organizacións do campo nacionalista e os obxectivos comúns.**

A base social do nacionalismo en Galiza non se improvisa nin se pode mudar a golpe de voluntarismo. En todo caso, a partires da base social tradicionalmente identificada co proxecto nacionalista debe ser obxectivo do BNG aumentar o ámbito de incidencia deste proxecto. A ampliación do mesmo non virá da man de pinchacarneiros ideolóxicos ou da tentativa de converterse na alternativa de sectores sociais que teñen uns intereses e/ou unha ideoloxía contraditoria coa base social máis firme do nacionalismo. Por esa razón o BNG debe identificar con claridade os trazos definatorios da súa base social ao redor da que pivota o noso proxecto para, a partir de aí, definir a estratexia de ampliación e alargamento da base social organizada ou organizable.

Tres criterios poden permitir definir os eixes dese alargamento: a) os estratos sociais ou socioeconómicos que poden sentirse representados polo proxecto do BNG; b) o perfil ideolóxico e os valores dos individuos que adiren orgánica ou electoralmente a alternativa do BNG; c) os sectores sociais organizados ao redor das organizacións sindicais nacionalistas e dos movementos sociais nos que a presenza do nacionalismo é moi notábel.

Desde o punto de vista ideolóxico parece bastante claro que a militancia do BNG é, ademais de nacionalista, abrumadoramente de esquerdas, entre a que as diferencias cromáticas son a miúdo pouco significativas. O electorado do BNG oscila entre os votantes que ideoloxicamente se autositúan á esquerda do BNG e os que se sitúan en valores abertamente progresistas. Desde outro punto de vista o electorado ten unha simpatía cos trazos que definen a Galiza como nación, cun abano que pode ir desde independentistas até persoas que son habitual e rutineiramente español falantes pero que comparten a aspiración nacional de Galiza ou en todo caso non son refractarios a ela.

Desde a perspectiva da acción social, está claro que unha parte importante da base social e electoral do BNG nucléase ao redor dos afiliados e simpatizantes doutras organizacións nacionalistas como son a CIG e o Sindicato Labrego Galego. Tamén as principais organizacións ecoloxistas existentes en Galiza e outros movementos sociais están animadas por persoas situadas en grande parte no eido do nacionalismo. Desde o punto de vista práctico, parece claro que nesas contornas é onde se sitúa a parte da sociedade máis receptiva ao discurso do BNG e mesmo susceptible de participar organicamente. Camiñar nesa dirección require construír non só un denso tecido de complicidades e de colaboración senón que debería plasmarse nunha máis estreita coordinación da política, tanto cando estamos na oposición como cando estamos no goberno das diferentes institucións. O reforzamento deses vencellos debería ir acompañado dunha interlocución regular e minimamente formalizada.

Se algo evidencia o devalo electoral que vivimos desde o momento en que o BNG accedeu de forma xeneralizada a posicións de goberno (nos concellos das cidades e na Xunta) é a necesidade de preservar e cultivar con intensidade a relación fluída e continuada con esa base social, coas súas organizacións e movementos. A chegada do BNG ao poder non poder plasmarse nun divorcio ou distanciamento da mesma senón

que o BNG debe ser quen de levalos a eles ao poder, de facelos partícipes das grandes decisións e garantir que as reconsideracións e reorientacións, caso de ter que habelas, sexan froito de maduracións colectivas. En ningún caso merece a pena unha acción de goberno que non sexa asumida, cano menos maioritariamente, pola base social que representamos.

### **2.3.- Democracia e pluralismo no Estado. O modelo bipartidista antítese da alternativa nacionalista, da democracia, do pluralismo e dun modelo económico social, políticocultural e lingüístico alternativo.**

Na historia dos estados burgueses europeos o concepto de nación identificouse e co estado, e que acabou definindo a nación polo Estado, nunha inversión característica da funcionalidade do mito. Tal é o caso da Constitución española. O mito "nación" así elaborado oculta a realidade da estrutura social, das clases, das súas conflictivas contradicións, e do contido de clase do Estado. Mais, no caso español, o mito da 'nación española', oculta tamén, e mesmo tenciona negar, outra disparidade esencial da realidade social: a diversidade de nacións existente no recinto dese Estado -a índole plurinacional da realidade sociopolítica que abrangue. E esta dimensión peculiar do mito nacional español oculta a verdadeira explicación causal do enguedello autonómico. Porque calquera reforma substantiva da articulación política desa realidade plurinacional require a modificación cualitativa do status político de cada unha das nacións-sen-estado existentes. Mais iso esixe abordar un problema tabú: o artellamento de varios suxeitos de soberanía política nacional diferentes. Un problema, xa que logo, que non se pode resolver con reformas estatutarias nos casos galego, euskaldún e catalán: para esas tres nacións-sen-estado, compren constitucións, en plural, como base democrática para un proceso constituínte dun pacto federal-confederal dun Estado plurinacional composto. Unha proba recente de que ise é o cerne da cuestión dérona as respeitivas peripecias das tres reformas estatutarias promovidas polas forzas nacionalistas gobernantes nas autonomías das tres nacións non recoñecidas na Constitución española: vasca (o malchamado 'Plan Ibarretxe', abortado polas Cortes), catalana (o novo Estatut, demoucado xa nas Cortes e se cadra de novo inda máis no T.C.), e galega (o 'Estatuto de nación', boicoteado este xa no propio Parlamento autonómico). Peripecias diferentes, pero cunha etioloxía común: nos tres casos, o pretexto utilizado polo chovinismo español foino a inmutabilidade da Constitución, ou sexa, o pacto constitucional da transición. Mais, a pouco que se examinen ese casos, compróbase que a constitución non era o problema, senón que o foi a sabotaxe política practicada pola caverna celtibérica -a grande burguesía do Estado- , non xa ao desenvolvemento, senón ao simples funcionamento do 'Estado das autonomías' conforme ao propio deseño constitucional.. O problema está, pois, na sectaria negación da realidade plurinacional do espazo sociopolítico encorsetado no Estado unitario español, que conleva a crise do modelo constitucional pactado por arriba na transición e máis das pezas que o 'compoñen', incluídos os partidos de ámbito estatal que seguen a practicar, uns e outros, un feroz españolismo chovinista e reaccionario. O pacto constitucional está roto, o réxime así constituído está en deriva deturpadora cara un proceso de descomposición, e a involución maniféstase nunha ofensiva españolizadora contra os sinais de identidade -materiais e culturais- das nacións-sen-estado, que no caso galego recobran o feitío dun recrudescemento brutal dos instrumentos e procesos de opresión, desposesión e espoliación colonial tanto na base económica canto nas relacións sociais e nas superestruturas ideolóxicas e culturais. Esa ofensiva é o reto primordial ao que ten que plantarlle cara o nacionalismo galego, como movemento

sociopolítico na 'sociedade civil', e portanto o seu instrumento primordial de acción política organizada: o BNG.

As forzas nacionalistas son a expresión política da conciencia identitaria dun povo en loita pola soberanía. A súa dimensión social -e no seu caso, electoral- depende do nivel e difusión acadados por esa conciencia identitaria na cidadanía. Mais esa cidadanía está socialmente estruturada en grupos e clases con cadansúas ideoloxías, de xeito que, inda dentro do espazo cívico consciente da identidade nacional do povo ao que pertence, cada grupo ou clase terá a súa lectura desa identidade nacional, dos seus intereses e do seu rol no proxecto nacionalista. Se a cuestión nacional é a forza motriz común a eses diversos grupos, o espazo nacionalista terá que artellar esa diversidade no eixo dinámico da autodeterminación. As fórmulas posibles son variadas -segundo a estrutura social, o tempo histórico, o contexto envolvente da cuestión nacional, etc.; e tamén segundo a posición da nación-sen-estado na estrutura do sistema centro-periferia. Na traxectoria do nacionalismo galego ensaiáronse varias desas fórmulas posibles. En todas elas fallou o 'interlocutor burgués'. Ao cabo, ese oco, a deserción da burguesía autóctona do proxecto soberanista, foi un factor que contribuíu, por ausencia, á configuración dun frentismo nacional-popular como fórmula de posíbel artellamento das alianzas sociais que podían protagonizar e dirixir as forzas nacionalistas nadas como partidos, todas elas no leque do centro á esquerda. Ao cabo, tivo que prescindir de modelos importados, tanto partidarios convencionais coma de fronte clásicas, para construír un imaxinativo deseño, atípico na contorna europea, mais axustado ao peculiar feitío sociopolítico galego: o artefacto resultante foi o BNG. É o que compre recuperarmos na súa fasquía orixinal, axeitado ás mutacións operadas na formación social galega, á súa morfoloxía actual.

### **3.- ACTUACIÓN INSTITUCIONAL, PRESENZA SOCIAL E DEFENSA DOS INTERESES COLECTIVOS. AUMENTAR A BASE SOCIAL ORGANIZADA DO BNG EN TODO O PAÍS.**

#### **3.1.- O BNG como forza de oposición social e institucional ao PP na Galiza. O papel do BNG no Parlamento Galego.**

**O BNG asume o compromiso, nesta nova situación, de realizar, en consonancia coa súa alternativa política, unha oposición firme contra as políticas que a dereita española está empeñada en aplicar desde o Goberno galego. Ábrese un tempo político no que previsibelmente a dereita vai endurecer as medidas represivas contra as liberdades colectivas e contra todos os sinais da identidade propios da nosa nación. O españolismo vai encetar un proceso de poda das ponlas que sustentan o proxecto emancipador galego. O PP representa:**

- a) converter o goberno galego nunha sucursal das estratexias do PP español, decididas na súa sede de Madrid.
- b) instrumentalizar Galiza para servir ao seu obxectivo de conquistar o goberno do Estado.
- c) destruír o as políticas iniciadas polo nacionalismo desde a Xunta, na medida en que ían encamiñadas a unha mudanza social e económica e á autoestima colectiva.
- d) política de privatizacións de servizos públicos e incapacidade para optar por unha economía non especulativa.
- e) parálise e involución no proceso normalizador do noso idioma.
- f) secundarización e marxinação das nosas manifestacións culturais.

g) confesionalidade relixiosa.

h) parálise no avance do autogoberno.

A oposición a esta política, para ser eficaz, necesita de aliados sociais, de cobertura na base, de compromisos e mobilizacións das maiorías sociais afectadas. O noso labor de oposición debe ter os seguintes obxectivos: Por unha banda, defender as medidas tomadas polo goberno bipartito en favor do benestar social e da nosa identidade lingüística e cultural. Pola outra; acompañar aos sectores sociais que padecen os efectos da crise económica; asumir a defensa incondicional de todas as medidas que promovan o mantemento e ampliación das redes públicas de protección dos dereitos laborais e sociais; afondar na elaboración de propostas alternativas á lóxica económica dominante que permitan ir abrindo novas dinámicas de acumulación de forzas en favor dun modelo diferente de creación e distribución da riqueza.

O BNG, como forza de oposición social e institucional ao PP na Galiza, debe situarse na cabeza visíbel dunha ampla mobilización a prol dos intereses populares de Galiza, retomando o papel didáctico e pedagóxico que a historia do nacionalismo ten reservado para a creación de conciencia nacional, antepoñendo os dereitos colectivos fronte ao interese das forzas concentradoras de capital-poder e acentuando unha defensa fechada daqueles sinais de identidade propia como a cultura e a lingua, que teñen ante si nos próximos tempos perigos de deturpación e musealización.

**O nacionalismo galego ten que ser vangarda na oposición destinada a desvendar o verdadeiro significado da política do PP. Debe servirnos para o avance social dos postulados nacionalistas.** O BNG, con realismo, aspira a ser unha forza política máis introducida socialmente e con máis capacidade de determinar a política galega. O nacionalismo galego é a antítese do que o PP representa como alternativa reaccionaria e anti-nacionalista. A introdución do nacionalismo na base popular do PP ten que vir a través dos conflitos sociais que a afecten, actuando de forma que contribúa a un cambio de mentalidade. **Só a iniciativa, e a atención aos problemas do país, pode permitírnos crear unha dialéctica política na Galiza que non sexa unha mera trasposición da política española.**

**Para a visualización dunha alternativa democrática ao PP precísase dunha política de acordos con outras forzas nacionalistas e/ou de esquerda e nomeadamente co PSOE.** Malia que BNG e PSOE representamos non só dous proxectos políticos distintos mais tamén dúas formas de concibir Galiza e de actuación política, procuraremos acordos tácticos no ámbito institucional co PSOE para favorecer coincidencias na acción e dinámicas propias das necesidades de Galiza.

### **3.2.- A relevancia política da presenza do BNG nas Cortes Xerais. Os pactos de “Estado”.**

**A presenza de Galiza desde 1996 no cenario da política estatal condicionou a estratexia dos partidos españois,** e mesmo o BNG chegou a condicionar a política práctica do Goberno español respecto do noso país. Sen dúbida, cando o BNG foi necesario para conformar maiorías parlamentares de apoio ao Goberno, puidemos negociar acordos claramente beneficiosos para o país. Podemos afirmar que houbo un cambio de posición, no aspecto cuantitativo, do Goberno do Estado respecto de Galiza grazas ao BNG, especialmente evidente nos Orzamentos desde 2006 até hoxe.

Porén, a presenza nas Cortes ten un valor altamente simbólico tamén. Quen non ten alí presenza case que non existe no escenario político. Significa, ademais, que hai vontade de existencia como nación e dignidade nacional con capacidade para expresarse no

contexto estatal. Na nova situación, con Goberno PP na Galiza, e un PSOE no Estado escorado cara posicións pactistas (situación en Euskadi) e recuando na súas posicións democráticas, errático perante a crise económica, o BNG ten que redefinir e matizar máis a súa actuación nas Cortes. O BNG ten que manter un perfil claro fronte á crise desde a diferenza de ser unha forza política galega e popular. Debe ao mesmo tempo seguir mantendo a dispoñibilidade a acordos pontoais co Goberno español en beneficio de Galiza, de forma que non poidan ser instrumentalizados 1 ou manipulados polo Goberno PP.

O BNG manterase como unha forza de oposición con suficiente intelixencia para chegar a acordos puntuais co Goberno ou coas outras forzas de oposición. En todo caso, o BNG denunciará sempre a demagogia e o oportunismo políticos do Partido Popular, evitando facerlle o xogo na súa estratexia de acceso ao poder no estado.

Por último, a actividade parlamentar intensa e en conexión coa sociedade debe seguir caracterizando a presenza do BNG nas Cortes, hoxe máis crucial que nunca.

### **3.3.- Presenza do BNG nos Gobernos municipais: Acordos programáticos e formas de actuación.**

A presenza institucional municipal do BNG é básica para afortalar o noso proxecto político. Quedan pouco máis de dous anos para as vindeiras eleccións municipais e o BNG debe artellar de xeito inmediato as propostas necesarias para evitar que o resultado negativo das pasadas eleccións do 1 de marzo poida ter continuidade nos gobernos municipais, especialmente nas cidades e áreas metropolitanas, ámbitos xeográficos onde o discurso anti-nacionalista, político e mediático, tivo e, se non o remediamos, pode ter maior impacto.

Nalgúns casos será prezo reorientar, redefinir ou mesmo corrixir ou modular a acción de goberno, evitando xerar conflitos ou incrementar os existentes, adaptar o noso discurso realidade social concreta e, moi especialmente, recuperar e ampliar a presenza social e afortalar os instrumentos e medios de transmisión da nosa acción de goberno cara á sociedade.

A cidadanía debe percibir, na realidade obxectiva, a diferenciación do discurso e praxe da acción de goberno do BNG. Pero elo non debe supoñer a búsqueda incesante de espazos propios, diferenciadores do PSOE, a costa da quebra do modelo de co-goberno que, queiramos ou non, debe ser reforzado.

### **3.4.- O BNG como forza de oposición nos Concellos.**

### **3.5.- Por un modelo de política municipal a escala nacional: A coordinación necesaria e a definición de liñas de actuación comúns.**

### **3.6. A importancia das eleccións municipais do 2011**

## **4.- PRINCIPIOS POLÍTICOS DO NACIONALISMO E FUNCIONAMENTO DO BNG**

O BNG non inventou os valores, postulados e principios éticos, ideolóxicos e políticos nos que fundamentou a súa constitución nacionalista en 1982. Tomounos da tradición de século e medio de nacionalismo galego explícito ou tácito. Da tradición que invocaba

Castelao. Da tradición no senso máis progresista do concepto, no senso de que non hai vangarda sen tradición, na política como nas artes. No senso de que non hai proceso revolucionario nin emancipador que non afunda as súas raíces nos fondos da Historia dos pobos e da humanidade, do "xénero humano" que convoca a Internacional, da "nación de Breogán" que Pondal exhorta a ser "a lús para a caduca Iberia". Non son principios exclusivos do BNG fundado e construído dende 1982. Son enerxía motriz dos cadoiros e fervenzas do nacionalismo galego como corrente histórica dende as súas orixes, sexan cais fosen os termos que os expresaban en cada intre. Son portanto valores e principios dobremente irrenunciábeis, por seren constitucionalmente consubstanciais co BNG, e máis por seren patrimonio da tradición democrática nacionalista transmitida ate nós por Castelao.

Ora, eses valores e principios primordiais son: no plano do discurso ideolóxico-político, o nacionalismo de esquerdas e no plano orgánico, democracia participativa, funcionamento assembleario, lealdade e respecto polas minorías e o pluralismo.

Eses valores e postulados éticos, ideolóxicos e políticos teñen que ser piares de calquera movemento emancipador que pretenda ser vangarda arraigada na tradición, que pretenda ser moderno -e non post-moderno, é dicir, historicamente progresista e non involucionista.

A eses valores e postulados debe axustarse, para servilos, calquera fórmula política cualificábel de nova, anovadora ou renovadora para a emancipación nacional e a transformación social do noso povo -para propulsar o avance histórico da sociedade e a nación galegas, para o nacionalismo navegar avante no canto de camiñar de recú.

A experiencia dos últimos anos en que a progresiva "profesionalización" do BNG foi afastando progresivamente á militancia do traballo político, aconsella tamén neste eido restaurar os xeitos que facían descansar a responsabilidade das decisións políticas de máis importancia nos órganos colexiados e a actividade no traballo voluntario.

A derrota electoral é un dado máis que evidencia a importancia da militancia e o seu dinamismo como arma política fundamental do BNG e como o único medio de comunicación verdadeiramente noso.

Neste camiño, proponse:

**Recuperar o pleno Assemblearismo**, restablecendo respecto das asembleas nacionais as disposicións estatutarias anteriores á XIIª Asemblea de 2006.

**Respectar o pluralismo interno**, tanto na vida orgánica como axustando a representatividade institucional ao pluralismo e sensibilidades, organizadas ou non, do BNG

**Recuperar a colexialidade dos órganos de dirección**. Se for preciso modificando os estatutos no sentido de deixar ben claro que as responsabilidades individuais dos Secretarios fican sempre subordinadas ao conxunto do órgano ao que pertencen.

**Composición do Consello Nacional**. Elección da maioría do Consello Nacional directamente pola afiliación na asemblea nacional. Para esta Asemblea Nacional Extraordinaria fixase o número a elixir pola asemblea en 50 membros máis un por cada 200 afiliados. En consecuencia a representación territorial reducirase á imprescindible incorporación dos/as responsábeis comarcais.

**Reafirmar a xa establecida supremacía da organización sobre dos cargos institucionais.**

**Reforzar a vida orgánica local como base da política horizontal do BNG.** Isto é moi importante sobre todo nas Asembleas Locais numerosas, como as das cidades. Reducir a función de dirección política dos órganos comarcais ao labor de coordinación e como centro de recurso materiais para apoio dos órganos locais. Os militantes teñen a obriga de estaren adscritos á asemblea local na que residen; as altas e baixas terán que ser, informadas polos Consellos Locais que son quen mellor coñecen ás persoas.

**Potenciar a integración de Galiza Nova no BNG.** As mozas e mozos do BNG non poden ser discriminados agás a discriminación positiva na contía da cota que será a que ten fixada GN pero a xestión e control dos cobros estará a cargo do BNG que transferirá os fondos a GN. A pertenza ao BNG ten que implicar os mesmos dereitos e deberes independentemente da idade; a integración no BNG ten que se producir do mesmo xeito que a do resto dos militantes e será despois, en función da idade e da actividade no tecido xuvenil, cando se adscribirán a GN. O dereito a voto será como o dos demais, nin máis nin menos. Evitarase o seu voto duplo nos Consellos Comarcais e Locais, o representación de GN nestes ámbitos será con voz pero sen voto.

**Establecer, como garantía de control da militancia sobre da organización, a obriga de o Consello Nacional convocar unha asemblea extraordinaria se o solicitan o 20% das afiliadas e afiliados.**